



II Xornada Xuvenciencia para profesorado

Mergúllate na investigación!

Fase 2: 26 de novembro 2016

Propomos esta segunda fase da xornada de comunicación e información entre profesorado de ensino secundario e universitario para perfeccionar o desenvolvemento das actividades conxuntas dirixidas ao fomento das vocacións científico-técnicas e científico-sociais do alumnado preuniversitario.



Obxectivos

- Fortalecer os vínculos creados en anteriores xornadas entre os distintos actores da educación preuniversitaria e universitaria implicados na divulgación de coñecementos científico-técnicos e científico-sociais.
- Ampliar a formación do profesorado de ensino secundario que xa participou na Fase 1 da II Xornada na utilización dos kits de aprendizaxe ("Xuvenciencia na aula") e poñer en común e analizar os resultados obtidos.



- Data: sábado 26 de novembro de 2016
- Lugar: Biblioteca Intercentros e Laboratorios de investigación do Campus de Lugo da USC
- Duración: 8 horas
- Número de prazas: 20
- Prezo: 10 euros (café e comida incluídos)
- Destinatarios: Profesorado de Ensino Secundario e de Formación Profesional das especialidades de Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Tecnoloxía.
- Organización: Grupo de Divulgación da Ciencia e da Tecnoloxía Xuvenciencia (USC)
- Dirección: María de la Merced Novo Rodríguez
- Secretaría: María Isabel Quiroga Berdeal, Ana Paula Losada García

Información:

www.usc.es/xuvenciencia/xornadas
www.usc.es/xuvenciencia/aula/gl/

Solicitada a homologación como actividade de formación permanente do profesorado á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e provisionalmente recoñecida como tal (recoñecemento definitivo suxeito ao cumprimento dos requisitos establecidos na Orde do 14 de maio de 2013, DOG 96).

Programa

- 9:30-10:00 Recepción e recollida de documentación. Biblioteca Intercentros (BI).
- 10:00-10:15 Presentación do programa da Xornada. Mercedes Novo (coordinadora do grupo XuvenCiencia). Sala Universia da BI.
- 10:15-11:30 Táboa redonda: posta en común e discusión da experiencia xeral no uso dos kits de aprendizaxe. **Membros do Grupo XuvenCiencia**. Sala Universia da BI.
- 11:30-12:00 *Descanso e café* (Sala Universia da BI).
- 12:00-14:00 Obradoiro: *Uso do Excel para a análise de datos experimentais*. Sala Universia da BI.
Tratamento estatístico, **Wajih Al-Soufi** (profesor e investigador da área de Química Física da USC).
Representacións gráficas, **Ana Paula Losada** (profesora e investigadora da área de Ciencias Clínicas Veterinarias).
Caso práctico, **Juan Luis Fernández** (profesor e investigador da área de Producción Vexetal da USC).
- 14:00-15:30 *Xantar* (Cafetería da Facultade de Veterinaria).
- 15:30-19:00 Obradoiros formativos avanzados para das actividades propostas en cada un dos kits educativos.
Photonics Explorer, **Wajih Al-Soufi** e **Mercedes Novo** (profesores e investigadores da área de Química Física da USC). Sala de traballo en grupo da BI.
Animal CSI, **Maribel Quiroga**, **Ana Paula Losada** e **Marta López** (profesoras e investigadoras das áreas de Ciencias Clínicas Veterinarias e Medicina e Ciruxía Animal da USC), coa colaboración de **Ana Manuela de Azevedo** (investigadora). Laboratorio de Anatomía Patolóxica da Facultade de Veterinaria.
Vitroplant, **Juan Luis Fernández** (profesor e investigador da área de Producción Vexetal da USC), coa colaboración de **Miguel Martínez** (estudante en Prácticas). Laboratorio de Micropropagación da Escola Politécnica Superior.



FUNDACIÓN ESPAÑOLA
PARA LA CIENCIA
Y LA TECNOLOGÍA

